

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

- 9731** *Real decreto 771/2011, do 3 de xuño, polo que se modifican o Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras, e o Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos das entidades de crédito.*

I

A supervisión prudencial das entidades de crédito e das empresas de servizos de investimento ten como obxectivo garantir a estabilidade do conxunto do sistema financeiro español, para evitar a aparición de crises entre aquelas entidades que conforman o seu tecido. A recente crise financeira puxo de manifesto as imperfeccións que presentaban os mercados financeiros de todo o mundo nos ámbitos da lexislación e supervisión financeiras.

Na actualidade, a actividade pública supervisora de ámbito nacional resulta insuficiente nun contexto de mercados cada vez máis internacionais que requiren unha coordinación eficiente e eficaz dos distintos supervisores. Estes argumentos intensifícanse se analizamos a situación no ámbito europeo, dado o elevado nivel de integración dos mercados financeiros na Unión, onde as fronteiras entre os mercados nacionais en que as entidades financeiras desenvolven a súa actividade se foron disipando progresivamente.

Por outra parte, un fenómeno que estivo na orixe da crise foi o desenvolvemento de instrumentos financeiros cada vez máis opacos, como as estruturas de titulización, cuxo risco resultaba con frecuencia difícil de avaliar para os investidores. A titulización é un instrumento eficaz e de importancia significativa para o bo funcionamento do sistema financeiro, dada a súa función de diversificación, riscos e refinanciamento. Non obstante, ata a actualidade existiu un grave problema de información asimétrica entre orixinador ou patrocinador, máis informado sobre as características da estrutura que pretende titular e a calidade dos activos subxacentes, e o investidor, moito menos informado.

Ademais, resulta procedente reforzar a solvencia das entidades con exixencias dun capital de mellor calidade, así como evitar a concentración excesiva de riscos para limitar os efectos sistémicos do fallo dalgunha entidade no resto do sistema financeiro. Tamén nesta liña se desenvolven novos requisitos respecto ao risco de liquidez que fai referencia á incapacidade da entidade de facer fronte ás súas obrigacións de pagamento nun momento determinado, o que provoca a venda apresurada de activos e converte perdas potenciais en realizadas. A crise financeira puxo de manifesto que as medidas introducidas ata o de agora non tiveron suficientemente en conta este risco.

Finalmente, co fin de evitar que as políticas de remuneración socaven a solidez das entidades financeiras e desestabilicen o sistema bancario a través da creación de incentivos a comportamentos individuais de asunción excesiva de riscos, desenvólvese un novo réxime relativo ás políticas de remuneración das entidades financeiras, respecto ás categorías de empregados que, no desenvolvemento das súas funcións, poidan ter efectos potenciais sobre o perfil de riscos das entidades.

Por todo o anterior, púxose en marcha na Unión Europea un proceso de reformas da normativa prudencial en liña co discutido no G-20, no Comité de Estabilidade Financeira e en consonancia coas modificacións do denominado Acordo de Basilea, que se viñeron levando a cabo.

É neste sentido no que se aproban a Directiva 2009/111/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, pola que se modifican as directivas 2006/48/CE, 2006/49/CE e 2007/64/CE no que respecta aos bancos afiliados a un organismo central, a determinados elementos dos fondos propios, aos grandes riscos, ao réxime de supervisión e á xestión de crises, que constitúe a primeira fase deste proceso, e a Directiva 2010/76/

UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, pola que se modifican as directivas 2006/48/CE e 2006/49/CE no que respecta aos requisitos de capital para a carteira de negociación e as retitulizacións e á supervisión das políticas de remuneración.

Coa aprobación destas directivas abórdase unha serie de reformas fundamentais entre as cales se inclúen o establecemento de condicións para a admisibilidade dos instrumentos de capital híbridos como recursos propios, a mellora da cooperación entre supervisores para afianzar o marco da Unión Europea sobre xestión de crises, e a determinación dunha serie de requisitos para permitir a exposición a posicións de titulización e da carteira de negociación das entidades, ademais de establecer a normativa sobre as políticas de remuneración.

Mediante a Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable e, fundamentalmente, a Lei 6/2011, do 11 de abril, pola que se modifican a Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigacións de información dos intermediarios financeiros, a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e o Real decreto lexislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das Comunidades Europeas, levouse a cabo a primeira fase de incorporación ao noso ordenamento das dúas directivas. Este real decreto pretende desenvolver esa norma legal, avanzando substancialmente no proceso de transposición das dúas directivas comunitarias mencionadas. Non obstante, trátase dunha transposición parcial na medida en que a especificación técnica de boa parte das dúas normas comunitarias fai necesario culminar o proceso de transposición en disposicións de rango inferior.

Por outra parte, en liña coas previsións que en materia de fondos de garantía de depósitos se están a levar a cabo no ámbito europeo, introdúcese un novo réxime de achega adicional a estes fondos, baseado na remuneración dos propios depósitos.

II

O real decreto consta dun único artigo polo que se modifica o Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras, e que afectan tanto o seu título I (entidades de crédito) coma o seu título II (empresas de servizos de investimento), e algunha das súas disposicións transitorias. Este artigo divídese en trinta e cinco puntos, e engádenselle unha disposición derogatoria e cinco disposicións derradeiras.

Os números do un ao vinte e un conteñen as disposicións relativas a entidades de crédito e que teñen como finalidade mellorar a calidade dos recursos propios computables das entidades de crédito; os requisitos de recursos propios para o risco derivado da carteira de negociación para equiparar o seu tratamento co da carteira bancaria; as disposicións normativas relativas ao novo réxime prudencial das titulizacións introducido na Lei 6/2011, do 11 de abril; as melloras introducidas no réxime dos límites ás exposicións a grandes riscos; o réxime dos novos requisitos prudenciais por risco de liquidez; os diversos aspectos relacionados coa actividade supervisora do Banco de España e a súa cooperación coas autoridades de supervisión financeira doutros Estados membros da Unión Europea e os requisitos no que respecta á política de remuneracións das entidades de crédito. Nos números do vinte e dous ao vinte e nove recóllense de forma equivalente as anteriores disposicións adaptadas ás empresas de servizos de investimento.

Conclúese a modificación do Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, cos números do trinta ao trinta e cinco, para engadir unha disposición adicional, relativa ás obrigacións de divulgación do Banco de España en relación coas posicións de titulización das entidades, a modificación da disposición transitoria segunda, relacionada coa ponderación de exposicións en divisas e a adición de catro novas disposicións transitorias que introducen diversos réximes transitorios para os novos requisitos prudenciais establecidos no real decreto.

Por último, a disposición derradeira primeira modifica o Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos de entidades de crédito. A súa finalidade é desenvolver, por primeira vez no noso país e en liña cos traballos da Comisión

Europea sobre esta materia, un sistema de achegas aos fondos de garantía de depósitos das entidades baseado no risco asumido por estas. Concretamente, exíxense contribucións adicionais ás entidades que remuneren excesivamente os seus depósitos, tanto a prazo como á vista. Por esta vía, deséñase un novo mecanismo que permite lograr tales obxectivos.

Conclúe o real decreto con outras tres disposicións derradeiras que recollen, respectivamente, a incorporación de dereito da Unión Europea, unha habilitación normativa ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores para o seu desenvolvemento e execución e, por último, a disposición derradeira quinta fixa a data da súa entrada en vigor ao día seguinte da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de xuño de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras.*

O Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras, queda modificado como segue:

Un. Modifícase a letra a) do número 1 do artigo 12, que queda redactada do seguinte modo:

«O capital social das sociedades anónimas, excluída a parte del recollida na letra f) seguinte, as achegas ao capital social das cooperativas de crédito, e o fondo de dotación das sucursais de entidades de crédito estranxeiras, na medida en que sirvan plenamente para absorber perdas en situacións normais e, en caso de concurso ou liquidación, teñan menor prelación que todos os demais créditos; así como os fondos fundacionais e as cotas participativas das caixas de aforro, e o fondo social da Confederación Española de Caixas de Aforro e as cotas participativas de asociación emitidas por esta.»

Dous. Modifícase a letra i) do artigo 13.1, que queda redactada do seguinte modo:

«i) O importe das exposicións en titulizacións que reciban unha ponderación de risco do 1250 por cento e cuxo importe non fose ponderado conforme a sección IV do capítulo III, e calculado conforme o alí establecido e o importe da exposición a posicións de titulización da carteira de negociación que recibirían unha ponderación de risco do 1250 por cento se estiveren na carteira de investimento das mesmas entidades de crédito.

Non obstante, estes importes non se deducirán se foron incluídos no cálculo das exposicións ponderadas por risco de acordo co especificado neste real decreto.»

Tres. O artigo 14 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 14. *Condicións para a computabilidade dos recursos propios.*

1. Para os efectos da súa consideración como recursos propios, o capital das cooperativas de crédito estará integrado polas achegas dos socios e asociados que cumpran os seguintes requisitos:

a) A súa retribución estará condicionada á existencia de resultados netos ou, logo de autorización do Banco de España, de reservas de libre disposición suficientes para a satisfacer.

b) A súa duración será indefinida.

c) O seu eventual reembolso quedará suxeito ás condicións que deriven do número 4 do artigo 7 da Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito.

2. A parte do capital social correspondente ás accións sen voto e as accións rescatables cuxa duración non sexa inferior á prevista no número 4 seguinte para os financiamentos subordinados, regulados na sección segunda do capítulo II do título IV e na sección terceira do capítulo II do título XIV do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, así como calquera outro tipo de accións ou achegas ao capital das cooperativas de crédito que non cumpran as condicións exixidas no artigo 12.1.a), ou de instrumentos financeiros que presenten características híbridas de capital e débeda, distribuiranse entre os recursos propios básicos e complementarios a que se refire o artigo 15 consonte as condicións e límites que establecerá o Banco de España atendendo ás súas características financeiras e, en especial:

- a) Ao seu pleno desembolso;
- b) Á súa permanencia, sen prexuízo de que o instrumento poida conter unha opción de amortización anticipada en favor da entidade emisora, sempre que esa cláusula non poida pór en perigo a capacidade da entidade de continuar dispoñendo dos recursos propios xerados polo instrumento en caso de experimentar dificultades financeiras;
- c) Á súa capacidade para absorber perdas, tanto en caso de liquidación, como sen necesidade de proceder a esta; e,
- d) Á súa flexibilidade plena na remuneración do instrumento, en casos en que a entidade puiden experimentar dificultades financeiras.

Pola súa parte, as participacións preferentes estarán suxeitas, en todo momento, para os efectos da súa computabilidade como recursos propios básicos, ao límite do 30 por cento a que se refire o número 1.j) da disposición adicional segunda da Lei 13/1985 ou ao que estableza o Banco de España de acordo con esa norma.

As condicións de emisión das participacións preferentes non poderán incluír incentivos á amortización anticipada.

O Banco de España poderá conceder autorización en calquera momento para o reembolso anticipado de instrumentos con ou sen vencemento no suposto de que se produza unha modificación no réxime fiscal ou de computabilidade como recursos propios deses instrumentos que non estivese prevista na data de emisión.

3. Para se consideraren recursos propios, as reservas, fondos e provisións a que se refire o artigo 12.1 nas letras c), d) e e) deberán cumprir, a satisfacción do Banco de España, os seguintes requisitos:

- a) Ser libremente utilizables pola entidade para cubrir os riscos inherentes ao exercicio da actividade bancaria, incluso antes de que se determinasen as eventuais perdas ou minusvalías.
- b) Reflectirse na contabilidade da entidade, tendo sido verificado o seu importe con informe favorable polos auditores externos da entidade e comunicada esa verificación ao Banco de España.
- c) Estar libres de impostos ou reducirse na contía dos que previsiblemente lles sexan imputables.

4. Os financiamentos subordinados a que se refire o artigo 12.1.h), durante os cinco anos anteriores á súa data de vencemento reducirán o seu cómputo como recursos propios a razón dun 20 por cento anual, ata que o seu prazo remanente sexa inferior a un ano, momento en que se deixarán de computar como tales.

Os financiamentos subordinados non poderán conter cláusulas de rescate, reembolso ou amortización anticipada, salvo en caso de liquidación da entidade emisora, e sen prexuízo de que o Banco de España lle poida autorizar ao debedor o seu reembolso anticipado se con iso non se ve afectada a solvencia da entidade ou se producen os supostos a que se refire o último parágrafo do número 2.

O Banco de España poderá establecer para o efecto condicións de carácter xeral, para regular tanto o reembolso anticipado como a recompra deste tipo de instrumentos.

5. Corresponderá ao Banco de España a cualificación e inclusión nos recursos propios dunha entidade de crédito ou dun grupo consolidable de entidades de crédito de toda clase de accións preferentes ou participacións preferentes ou financiamentos subordinados, emitidas conforme a normativa que sexa de aplicación, emitidos polas propias entidades ou por sociedades instrumentais e outras filiais.

No exercicio das competencias mencionadas neste artigo, o Banco de España coidará en especial de que a lexislación do país onde se realice a emisión de calquera clase de accións preferentes, participacións preferentes ou financiamentos subordinados, ou a propia interposición das sociedades instrumentais ou filiais, non debiliten a eficacia dos requisitos e limitacións establecidas para eses instrumentos, nin o seu valor como recursos propios do grupo, e poderá limitar con carácter xeral a computabilidade destes instrumentos como recursos propios computables do grupo atendendo a esas circunstancias, sen que poidan existir elementos de discriminación.

6. De acordo coa disposición adicional segunda, número 1, letra c) da Lei 13/1985, o pagamento da remuneración das participacións preferentes poderá ser substituído, se así o prevén as condicións da emisión, pola entrega de accións ordinarias, cotas participativas ou achegas ao capital das cooperativas de crédito, da entidade emisora ou matriz, sempre que isto permita á entidade preservar os seus recursos financeiros.

Esta entrega de instrumentos de capital só será admisible se:

a) Dá lugar ao mesmo resultado económico que a cancelación, isto é, se non implica redución do capital da entidade. Só se considerará que dá lugar ao mesmo resultado económico que a cancelación, se o pagamento en especie se realiza con instrumentos de capital emitidos para o efecto e a obrigaición do emisor se limita á emisión de tales instrumentos, pero non existe ningún compromiso pola súa parte, ou por parte dalgunha das empresas do seu grupo económico, de encontrar compradores para estes ou de asumir calquera risco vinculado á venda ou ao valor dos instrumentos entregados.

b) O emisor ten unha total discrecionalidade para non pagar a remuneración en efectivo e, ademais, pode cancelar a entrega dos instrumentos de capital cando sexa necesario, e moi especialmente cando se desencadee algún dos mecanismos de absorción de perdas a que se refire a letra i) do número 1 da disposición adicional segunda da Lei 13/1985, do 25 de maio. O Banco de España poderá exixir a cancelación desta entrega cando a situación financeira e de solvencia da entidade de crédito emisora ou matriz, ou na do seu grupo ou subgrupo consolidable ou a dos mercados financeiros así o aconsellen.

O Banco de España desenvolverá as condicións de aplicación das limitacións anteriores e poderá concretar outras condicións en que poidan ser aceptables estes pagamentos.

7. De acordo coa letra i) do número 1 da disposición adicional segunda da Lei 13/1985, e sen prexuízo do disposto no artigo 70 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, as condicións de emisión das participacións preferentes deberán establecer un mecanismo de participación dos seus tedores nas perdas correntes ou futuras da entidade emisora ou dominante, que se deberá consignar con claridade suficiente en tales condicións.

O mecanismo deberá producir efecto cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando a entidade emisora ou matriz, ou o seu grupo ou subgrupo consolidable, presenten unha ratio de recursos propios básicos, calculada na mesma

forma que o coeficiente de solvencia, inferior ao catro por cento. Para estes efectos, o Banco de España poderá establecer calquera outra ratio de solvencia sempre que resulte máis exixente.

b) Cando, dispoñendo dunha ratio de recursos propios básicos inferior ao seis por cento, a entidade emisora ou matriz, ou o seu grupo ou subgrupo consolidable, presenten perdas contables significativas. Entenderase que existen perdas significativas cando as acumuladas no conxunto dos últimos catro trimestres cerrados reducisen o capital e as reservas previas da entidade nun terzo.

No caso de que o mecanismo sexa a conversión en accións ordinarias, cotas participativas ou achegas ao capital das cooperativas de crédito, da entidade de crédito emisora ou matriz, aquel deberá permitir a conversión inmediata e contar cunha relación de troca que estableza un chan ao número e nominal de accións por entregar.

Cando o mecanismo estea constituído por unha redución no valor nominal das participacións preferentes, as perdas que sufra o emisor a partir do momento en que o mecanismo produza efecto repartiranse entre o conxunto do seu capital e reservas dunha parte e o conxunto das participacións preferentes en circulación doutra, de forma que o valor nominal destas últimas asuma, ao menos, unha redución permanente e non recuperable do 50% do que afecte, proporcionalmente ao seu peso, o conxunto do capital e as reservas.

O Banco de España poderá concretar as condicións de conversión das participacións preferentes, de acordo cos criterios sinalados, e a forma de determinar as perdas e o resto dos indicadores mencionados, especialmente no caso de emisións garantidas por diversas entidades, sobre a base de que os citados mecanismos de absorción de perdas non menoscaben eventuais procesos de recapitalización.

8. Ao calcular o importe dos seus recursos propios, o Banco de España exixirá ás entidades de crédito que apliquen os requisitos exixibles na valoración da súa carteira de negociación á de todos os seus activos avaliados polo seu valor razoable, e deducirán do total dos elementos do artigo 12, letras a), b), d) e g), menos os elementos do artigo 13, letras a) e b), o importe correspondente a calquera axuste adicional do valor que resulte necesario.»

Catro. Os números 4 e 5 do artigo 15 quedan redactados do seguinte modo:

«4. En todo caso, o capital ordinario e as reservas, individuais ou consolidadas, netos de perdas, activos inmateriais e accións propias, e as participacións representativas de intereses minoritarios que resulten computables deberán superar o 50 % dos recursos propios básicos da entidade de crédito ou do grupo consolidable de entidades de crédito.

5. O Banco de España poderá autorizar as entidades de crédito e os grupos consolidables de entidades de crédito a computar como recursos propios, temporalmente e en situacións de urxencia, o exceso sobre os límites establecidos neste artigo e os que estableza o Banco de España conforme o artigo 14.2.»

Cinco. Engádesse un número 2 bis ao artigo 27, coa seguinte redacción:

«2 bis. Cando unha axencia de cualificación externa se rexistre como unha axencia de cualificación crediticia de conformidade co Regulamento (CE) 1060/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, relativo ás axencias de cualificación crediticia, o Banco de España considerará que se cumpren os requisitos de obxectividade, independencia, revisión continua e transparencia exixibles á metodoloxía aplicada.»

Seis. Engádesse un novo número 6 ao artigo 32, coa seguinte redacción:

«6. En todo caso, os requirimentos mínimos de fondos propios por risco de crédito calculados segundo o método de cualificacións internas conforme o disposto nesta sección, poderán ser sometidos a uns mínimos transitorios conforme o que estableza o Banco de España en aplicación do dereito da Unión Europea.»

Sete. Modifícase o número 9 do artigo 34, que queda redactado do seguinte modo:

«9. Así mesmo, o Banco de España determinará o método de cálculo das exposicións ponderadas por risco e as perdas esperadas que utilizarán as entidades de crédito cando as exposicións en forma de accións ou participacións en institucións de investimento colectivo non cumpran os criterios establecidos polo Banco de España conforme o punto anterior, a entidade de crédito non teña coñecemento de todas as exposicións subxacentes da institución de investimento colectivo ou non se poida razoablemente esperar que o teña, ou nos casos en que para a entidade de crédito supoña unha carga indebida examinar as exposicións subxacentes co fin de calcular eses importes segundo os métodos establecidos nesta sección.»

Oito. Engádese un novo artigo 40 bis á sección IV do capítulo III, coa seguinte redacción:

«Artigo 40 bis. *Condicións para o investimento en posicións de titulización.*

1. Para os efectos do disposto no artigo sexto.3.d) da Lei 13/1985, do 25 de maio, unha entidade de crédito que non sexa orixinadora, patrocinadora ou acreedora orixinal soamente poderá exporse ao risco de crédito dunha posición de titulización na súa carteira de negociación ou fóra dela se a entidade orixinadora, patrocinadora ou acreedora orixinal revelou de maneira explícita á entidade de crédito que se dispón a reter, de maneira constante, un xuro económico neto significativo que, en calquera caso, non poderá ser inferior ao cinco por cento.

Para os efectos deste artigo, entenderase por retención dun xuro económico significativo:

- a) a retención dun cinco por cento como mínimo do valor nominal de cada un dos tramos vendidos ou transferidos aos investidores;
- b) no caso das titulizacións de exposicións renovables, a retención do xuro da orixinadora do cinco por cento como mínimo do valor nominal das exposicións titulizadas;
- c) a retención de exposicións elixidas ao chou, equivalente ao cinco por cento como mínimo do importe nominal das exposicións titulizadas, cando estas exposicións se titulizasen doutro modo na titulización, sempre e cando o número de exposicións potencialmente titulizadas non sexa inferior a cen na orixe, ou
- d) a retención do tramo de primeira perda e, en caso necesario, outras fraccións que teñan un perfil de risco similar ou superior ás transferidas ou vendidas aos investidores e que non venzan en ningún modo antes que as transferidas ou vendidas aos investidores, de modo que a retención equivalla en total ao cinco por cento como mínimo do valor nominal das exposicións titulizadas.

O xuro económico neto:

1.º estará determinado polo valor teórico correspondente aos elementos das contas de orde;

2.º mídese en orixe e manterase de modo constante, isto é, que para estes efectos, as posicións, os xuros ou as exposicións retidos non se cobren nin se venden; e

3.º non estará suxeito a ningunha redución do risco de crédito nin a ningunha posición curta nin a ningunha outra cobertura.

Non se procederá a ningunha aplicación múltiple dos requisitos de retención para ningunha titulización.

O Banco de España poderá precisar as condicións de aplicación desta norma e do previsto no número 2 seguinte ao caso en que a entidade orixinadora, patrocinadora ou acreedora orixinal sexa unha entidade de crédito ou unha entidade do seu grupo. Tamén determinará a forma en que esas entidades comunicarán aos investidores o seu compromiso de retención, comunicación que deberá permitir aos posibles investidores accederen facilmente a todos os datos pertinentes sobre as exposicións.

2. O número 1 non se aplicará cando as exposicións titulizadas constitúan créditos ou créditos contingentes fronte a, ou garantidos de forma total, incondicional e irrevogable por:

- a) administracións centrais ou bancos centrais;
- b) administracións rexionais, autoridades locais e entidades do sector público dos Estados membros;
- c) institucións ás cales se asigne unha ponderación de risco do cincuenta por cento ou inferior conforme o disposto na sección 1ª deste real decreto;
- d) bancos multilaterais de desenvolvemento.

O disposto no número 1 non se aplicará:

- a) ás transaccións baseadas nun índice claro, transparente e accesible, cando as entidades de referencia subxacentes sexan idénticas ás que elaboran un índice de entidades amplamente negociado, ou sexan valores negociables distintos das posicións de titulización, ou
- b) aos préstamos sindicados, aos dereitos de cobramento ou ás permutas de cobertura por incumprimento crediticio, sempre que eses instrumentos non se utilicen para «reconverter» ou cubrir titulizacións que entren no ámbito do número 1.

3. O Banco de España poderá decidir suspender temporalmente os requisitos mencionados no número 1 durante períodos de crise xeral de liquidez no mercado.»

Nove. Engádesse un novo artigo 40 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 40 ter. Obrigacións de seguimento e información das entidades que invisten en posicións de titulización.

Antes de investir, e a partir de entón cando o Banco de España o exixa, as entidades de crédito deberán poder demostrar ao Banco de España, respecto de cada unha das súas posicións de titulización, que as coñecen, na súa totalidade e en todos os seus pormenores, e que aplicaron as políticas e os procedementos formais adecuados á súa carteira de negociación e ás súas operacións fóra dela, en proporción ao perfil de risco dos seus investimentos en posicións titulizadas. O Banco de España determinará os elementos mínimos que, para cumprir esta obrigaón, as entidades deben examinar e consignar, incluídas en todo caso probas de resistencia, e a forma en que deben cumprir o disposto neste artigo.

Do mesmo modo, as entidades de crédito distintas das entidades orixinadoras, patrocinadoras ou acreedoras orixinais establecerán procedementos formais adecuados á súa carteira de negociación e ás súas operacións fóra dela e en proporción ao perfil de risco dos seus investimentos en posicións titulizadas, co fin de facer un seguimento continuo e oportuno da información relativa á evolución das exposicións subxacentes ás súas posicións de titulización e posuír un coñecemento profundo de todas as características estruturais dunha transacción de titulización que puideren ter efecto material no rendemento das súas exposicións á transacción. O Banco de España detallará o contido de tal obrigaón.»

Dez. Engádesse un novo artigo 40 quáter, coa seguinte redacción:

«Artigo 40 quáter. *Obrigacións das entidades orixinadoras e patrocinadoras respecto ás posicións de titulización.*

1. As entidades de crédito orixinadoras e patrocinadoras aplicarán ás exposicións que vaian titular os mesmos criterios sólidos e ben definidos de concesión e xestión de créditos que apliquen ás exposicións que vaian manter na súa carteira, de conformidade cos criterios técnicos sobre a organización e o tratamento do risco que estableza o Banco de España.

2. As entidades de crédito orixinadoras e patrocinadoras comunicarán aos investidores o nivel do seu compromiso, conforme o número 1 do artigo 40 bis, de manter un interese económico neto na titulización. As entidades de crédito orixinadoras e patrocinadoras aseguraranse de que os posibles investidores poidan acceder facilmente a todos os datos pertinentes nos termos que prevexa o Banco de España.»

Once. Engádesse un novo artigo 40 quinquies, coa seguinte redacción:

«Artigo 40 quinquies. *Consecuencia do incumprimento das obrigacións respecto das posicións de titulización.*

No suposto de que unha entidade de crédito non satisfaga algún aspecto substancial das obrigacións a que se refire o primeiro parágrafo do artigo 40 ter, ou das obrigacións de comunicación do seu compromiso de retención, de conformidade co artigo 40 quáter.2, a ponderación de risco das súas exposicións en titulización incrementarase, respecto da que con carácter xeral se establece neste real decreto. O Banco de España determinará o alcance dese incremento e a forma de aplicalo.

No suposto de que non se cumpran as condicións de dilixencia debida que estableza o Banco de España, de conformidade co artigo 40 quáter.1, a entidade de crédito orixinadora non aplicará o disposto no artigo 42.1, e esta entidade de crédito orixinadora non poderá excluír as exposicións titulizadas no cálculo dos seus requisitos de capital conforme este real decreto.»

Doce. Modifícase o número 2 do artigo 42, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Para os efectos do disposto no número 1, a efectividade da transmisión do risco de crédito requirirá que os instrumentos xurídicos utilizados sexan válidos en todas as xurisdicións pertinentes, que as cláusulas contractuais, como é o caso das opcións de extinción ou de amortización anticipada, non cuestionen a transferencia dos riscos e que a entidade orixinadora ou patrocinadora non preste á titulización un apoio que exceda a súa obrigación contractual, nin outras melloras que teñan como finalidade reducir as perdas potenciais ou reais para os investidores.

As entidades de crédito orixinadoras ou patrocinadoras que vendesen instrumentos da súa carteira de negociación a unha entidade especializada en titulizacións, de tal modo que xa non se lles exixa dispor de fondos propios fronte aos riscos de tales instrumentos, tampouco prestarán á titulización un apoio que exceda a súa obrigación contractual, coa finalidade de reducir as perdas potenciais ou reais para os investidores.»

Trece. Engádesse un número 3 bis no artigo 44, coa seguinte redacción:

«3 bis. Cando unha axencia de cualificación externa se rexistre como unha axencia de cualificación crediticia de conformidade co Regulamento (CE) 1060/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, relativo ás axencias de cualificación crediticia, o Banco de España considerará que se cumpren os requisitos de obxectividade, independencia, revisión continua e transparencia no seu método de avaliación recollidos no artigo 27.»

Catorce. Engádesse un novo número 6 ao artigo 62, coa seguinte redacción:

«6. En todo caso, os requirimentos mínimos de fondos propios por risco operacional calculados segundo métodos de medición avanzados, poderán ser sometidos a chans transitorios conforme o que estableza o Banco de España en aplicación do dereito da Unión Europea.»

Quince. Modifícase o artigo 63, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 63. *Límites aos grandes riscos.*

1. Considerarase un gran risco o contraído fronte a unha mesma persoa, entidade ou grupo económico, incluso o propio na parte non consolidable, cando o seu valor supere o dez por cento dos recursos propios da entidade de crédito que conceda o financiamento ou asuma o risco.

2. O valor de todos os riscos que unha entidade de crédito contraia cunha soa persoa, entidade ou grupo económico alleo non poderá exceder o 25 % dos seus recursos propios, despois de ter en conta a redución do risco de crédito de conformidade coa sección 3.^a do capítulo III do título I.

Cando ese cliente sexa unha entidade de crédito ou unha empresa de servizos de investimento, ou cando o grupo económico inclúa unha ou varias entidades de crédito ou empresas de servizos de investimento, ese valor non superará o 25 % dos recursos propios da entidade de crédito ou 150 millóns de euros, se esta contía fose máis elevada, sempre que a suma dos valores das exposicións fronte a todos os clientes do grupo económico que non sexan entidades de crédito ou empresas de servizos de investimento, despois de ter en conta o efecto da redución do risco de crédito de conformidade coa sección 3.^a do capítulo III do título I, non supere o 25 % dos recursos propios da entidade de crédito.

Cando o importe de 150 millóns de euros sexa superior ao vinte e cinco por cento dos recursos propios da entidade de crédito, esta, de acordo coas políticas e procedementos para xestionar e controlar o risco de concentración, deberá establecer un límite razoable, en termos dos seus recursos propios, ao valor da exposición, despois de ter en conta o efecto da redución do risco de crédito de conformidade coa sección 3.^a do capítulo III do título I. Este límite non será superior ao cento por cento dos recursos propios da entidade de crédito.

3. Para os efectos do cumprimento do previsto neste capítulo, as entidades de crédito:

a) Levarán a cabo un seguimento adecuado da concentración dos seus riscos mediante procedementos administrativos e contables seguros e mecanismos internos de control adecuados. Estes medios deberán permitir ás entidades mencionadas identificar e rexistrar todas as operacións de gran risco e as súas modificacións, así como supervisar as súas exposicións, tendo en conta a política da entidade de crédito en materia de riscos e poñendo especial atención en coñecer as relacións de participación, garantías cruzadas e relacións de dependencia comercial existentes entre os seus clientes.

b) Para os efectos dos límites establecidos no número 2 deste artigo, acumularán aos riscos mantidos fronte a unha mesma persoa ou grupo económico os mantidos fronte a aquelas persoas físicas ou xurídicas que, por estaren interrelacionadas economicamente coas anteriores, se puideren encontrar en graves dificultades para atender os seus compromisos se a persoa ou grupo económico con que estean interrelacionados atravesaren unha situación de insolvencia ou falta de liquidez. O Banco de España encargarse da supervisión do cumprimento desta letra e poderá establecer que determinados conxuntos de clientes sexan considerados como unha unidade para os efectos da aplicación daqueles límites, aínda que non pertencen ao mesmo grupo económico.

4. O Banco de España poderá permitir a aplicación dos límites de referencia de forma individual, ou agregada a só algúns compoñentes dun grupo económico cando a súa autonomía de xestión, limitación de responsabilidade ou actividade específica o aconsellen.

5. O Banco de España regulará o réxime de notificación dos grandes riscos, tal como estes se definen no número 1.

6. O Banco de España determinará a forma en que se deben agregar os riscos para o cómputo dos límites establecidos neste artigo, incluíndo regras relativas ás exposicións con risco de crédito, os riscos derivados da carteira de negociación, as posicións en fondos de titulización, sociedades ou fondos de investimento ou vehículos similares, e aos riscos con sociedades multigrupo.»

Dezaseis. Modifícase o artigo 64, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Non quedarán suxeitos ás limitacións establecidas no número 2 do artigo anterior:

a) Os riscos contraídos fronte á Administración xeral do Estado e o Banco de España; fronte ás comunidades autónomas e ás entidades locais pola adquisición de débeda pública emitida por elas; fronte á Unión Europea, e fronte ás administracións centrais e bancos centrais doutros países ou fronte aos bancos multilaterais de desenvolvemento, sempre que todos eles reciban, sen garantía, unha ponderación do 0 % consonte o método estándar previsto no capítulo III.

b) Os riscos que contén con garantía directa e incondicional dos suxeitos mencionados no punto anterior salvo as comunidades autónomas e as entidades locais.

b bis) Os riscos contraídos ou asegurados suficientemente polas administracións rexionais ou autoridades locais dos Estados membros, sempre que reciban, sen garantía, unha ponderación do 0 % consonte o método estándar previsto no capítulo III.

c) O 50 % dos riscos fronte a entidades locais españolas e fronte ás comunidades autónomas, en canto non fosen xa excluídos conforme o establecido na letra a) precedente, así como o 50 % dos riscos garantidos por estas administracións directa e incondicionalmente.

d) Os riscos garantidos con depósito en efectivo ou certificados de depósito, na propia entidade acreedora ou noutras do seu grupo consolidable.

e) Todos os activos e demais elementos deducidos dos recursos propios.

f) Os préstamos con garantía hipotecaria sobre vivendas, sempre que reúnan os requisitos exixibles pola lexislación reguladora do mercado hipotecario e os riscos derivados de operacións de arrendamento financeiro en virtude das cales a entidade manteña a plena propiedade da vivenda alugada mentres o arrendatario non exercese a súa opción de compra, en ambos os casos, ata o 50 % do valor da exposición.

g) Total ou parcialmente, aquel outros activos, compromisos e contas de orde con risco de crédito que, en atención ás súas garantías persoais ou reais e demais circunstancias eximentes ou atenuantes que concorran, en especial a súa ponderación por debaixo do 100 % para os efectos de risco de crédito, estableza o Banco de España.

2. O Banco de España poderá regular as condicións en que o risco fronte a un cliente se atribuirá, ou poderá ser atribuído pola entidade, aos terceiros que o garantan directa e incondicionalmente ou aos emisores dos valores peñorados na súa garantía.

3. O Banco de España poderá, así mesmo, exceptuar dos límites á concentración de riscos establecidos no artigo 63 as cesións de fondos que realicen entidades de crédito para canalizar de modo sistemático recursos ao mercado interbancario a

través doutra entidade de crédito intermediaria, no marco dun acordo aprobado polo propio Banco de España.»

Dezasete. Engádese un segundo parágrafo no artigo 66.4, coa seguinte redacción:

«En concreto, o Banco de España efectuará periodicamente unha avaliación da xestión global do risco de liquidez das entidades de crédito e promoverá o desenvolvemento de sólidas metodoloxías internas. Nas súas avaliacións, o Banco de España tomará en consideración o papel desempeñado polas entidades de crédito nos mercados financeiros. O Banco de España detallará a forma e o procedemento con que levará a cabo tal avaliación periódica.»

Dezaioito. Modifícase a letra h) do artigo 67, que queda redactada do seguinte modo:

«h) Risco de liquidez:

1.º Deberanse establecer estratexias, políticas e procedementos e sistemas sólidos para a identificación, medición, xestión e seguimento do risco de liquidez sobre un conxunto adecuado de horizontes temporais, incluído o intradía, co obxecto de garantir que as entidades de crédito manteñan un nivel apropiado de liquidez. Estas estratexias, políticas, procedementos e sistemas adecuaranse ás liñas de negocio, divisas e entidades e incluírán mecanismos apropiados de asignación dos custos de liquidez, os beneficios e os riscos.

As entidades de crédito estudarán distintas ferramentas de redución do risco de liquidez, en particular un sistema de límites e reservas de liquidez que permitan afrontar diversas situacións de tensión, e unha estrutura de financiamento e un acceso a fontes de financiamento adecuadamente diversificados. Estas medidas someteranse a revisión periodicamente.

Estudaranse escenarios alternativos e revisaranse periodicamente os supostos en que se baseen as decisións relativas á posición neta de financiamento.

As entidades de crédito analizarán os efectos potenciais de escenarios alternativos, ben circunscritos á propia entidade, ben extensivos a todo o mercado ou unha combinación de ambos. Tomaranse en consideración diferentes horizontes temporais e condicións con distintos graos de tensión.

2.º As entidades de crédito axustarán as súas estratexias, políticas internas e límites en relación co risco de liquidez e elaborarán plans de emerxencia efectivos, atendendo aos resultados dos escenarios alternativos que elaboren.»

Dezanove. Introdúcese un novo artigo 72 bis, co seguinte texto:

«Artigo 72 bis. *Imposición de exixencias adicionais polo Banco de España.*

1. Para os efectos da determinación do nivel adecuado de recursos propios de acordo co previsto no artigo 10 bis.1.c) e no artigo 11.3.a) da Lei 13/1985, do 25 de maio, o Banco de España avaliará se é preciso impor unha exixencia de recursos propios adicionais aos exixidos con carácter mínimo, co fin de cubrir os riscos a que esta ou poida estar exposta unha entidade de crédito e o seu grupo consolidable, atendendo ao seguinte:

a) os aspectos cuantitativos e cualitativos do proceso de avaliación das entidades a que se refire o artigo 6.4 da Lei 13/1985, do 25 de maio,

b) os sistemas, procedementos e mecanismos das entidades a que se refire o artigo 30 bis.1 bis da Lei 26/1988, do 29 de xullo.

c) os resultados da supervisión e a avaliación levadas a cabo de conformidade co artigo 10 bis.1.c) da Lei 13/1985, do 25 de maio.»

Vinte. Engádese un novo capítulo XII no título I:

«CAPÍTULO XII

Disposicións relativas á declaración de sucursais como significativas e ao establecemento de colexios de supervisores

Artigo 76 bis. *Procedemento de declaración de sucursais como significativas e obrigacións de información do Banco de España ao respecto.*

1. Respecto ás sucursais de entidades de crédito españolas establecidas noutro Estado membro, o Banco de España:

a) Promoverá o proceso de adopción dunha decisión conxunta sobre a súa designación como significativas no prazo máximo de dous meses desde a recepción da solicitude a que alude o artigo décimo bis.2.g) da Lei 13/1985, do 25 de maio. En caso de non chegar a adoptarse ningunha decisión conxunta, o Banco de España deberá recoñecer e aplicar a decisión adoptada ao respecto pola autoridade competente do Estado membro de acollida.

b) Comunicará ás autoridades competentes do Estado membro en que unha sucursal significativa dunha entidade de crédito española estea establecida a información a que se refire o artigo 6.1, letras c) e d) do Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das Comunidades Europeas e levará a cabo as tarefas a que se refire o artigo 10 bis.2 c) da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigacións de información dos intermediarios financeiros en colaboración coas autoridades competentes do estado membro en que a sucursal opere.

Así mesmo, o Banco de España comunicará á entidade de crédito española a decisión adoptada ao respecto pola autoridade competente do Estado membro de acollida.

2. Respecto ás sucursais en España dunha entidade de crédito estranxeira domiciliada na Unión Europea, o Banco de España poderá solicitar ás autoridades supervisoras competentes que inicien as actuacións apropiadas para recoñecer o carácter significativo desa sucursal e, de ser o caso, resolver sobre tal aspecto. Para tal efecto, se nos dous meses seguintes á recepción da solicitude formulada polo Banco de España non se alcanzase unha decisión conxunta co supervisor do Estado membro de orixe, o Banco de España disporá dun período adicional de dous meses para tomar a súa propia decisión.

3. Nas actuacións a que se refire o número 2 e a letra a) do número 1 anterior, o Banco de España:

a) deberá ter en conta as opinións e reservas que, de ser o caso, expresase a autoridade competente dos Estados membros interesados;

b) deberá considerar elementos como a cota de mercado da sucursal en termos de depósitos; a incidencia probable da suspensión ou o cesamento das operacións da entidade de crédito na liquidez do mercado e nos sistemas de pagamento, e de compensación e liquidación; e as dimensións e a importancia da sucursal por número de clientes.

Estas decisións plasmaranse nun documento que conterá a decisión e a súa motivación e notificaranse ás demais autoridades competentes e á propia entidade interesada.

Artigo 76 ter. *Normas de funcionamento dos colexios de supervisores de entidades de crédito.*

1. Nos colexios de supervisores a que se refire o artigo décimo quáter da Lei 13/1985, do 25 de maio, poderán participar as autoridades competentes

responsables da supervisión das filiais dunha entidade de crédito matriz da Unión Europea ou dunha sociedade financeira de carteira matriz da Unión Europea, e as autoridades competentes do Estado membro en que estean establecidas sucursais significativas, bancos centrais de ser o caso, así como, se procede, autoridades competentes de terceiros países, con suxeición a requisitos de confidencialidade que sexan equivalentes, a xuízo de todas as autoridades competentes, aos estipulados no artigo 6 do Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño.

2. O Banco de España, cando lle corresponda establecer un colexio de supervisores conforme o disposto no artigo décimo quáter da Lei 13/1985, do 25 de maio:

a) Decidirá as autoridades competentes que participan nunha reunión ou nunha actividade do colexio de supervisores. A este respecto, a decisión do Banco de España terá en conta a importancia da actividade de supervisión que se debe planificar ou coordinar, valorando en especial a súa incidencia potencial na estabilidade do sistema financeiro dos Estados membros afectados, en particular en situacións de urxencia. Adicionalmente tamén valorará as obrigacións de intercambio de información relativas ás sucursais consideradas como significativas.

b) Manterá todos os membros do colexio plenamente informados, no momento oportuno, das decisións acordadas nas reunións do colexio de supervisores ou das medidas levadas a cabo.

c) Informará a Autoridade Bancaria Europea, con suxeición ás exixencias en materia de confidencialidade previstas no artigo 6 do Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, das actividades do colexio de supervisores, especialmente as desenvolvidas en situacións de urxencia, e comunicará a esa autoridade toda información que resulte de particular interese para os efectos da converxencia da actividade supervisora.»

Vinte e un. Engádesse un novo capítulo XIII no título I.

«CAPÍTULO XIII

Política de remuneración das entidades de crédito

Artigo 76 quáter. *Ámbito de aplicación.*

As entidades de crédito deberán aplicar os requisitos recollidos neste capítulo ás categorías de empregados cuxas actividades profesionais inciden de maneira significativa no seu perfil de risco, a nivel de grupo, sociedade matriz e filial.

Artigo 76 quinquies. *Requisitos da política de remuneracións.*

1. Conforme o disposto no artigo 10 bis da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigacións de información dos intermediarios financeiros e outras normas de sistema financeiro, ao fixar e aplicar a política de remuneración global, incluídos os salarios e os beneficios discrecionais de pensións, das categorías de empregados cuxas actividades profesionais inciden de maneira significativa no seu perfil de risco, as entidades de crédito, conforme a súa organización interna e de forma proporcional ao seu tamaño, á natureza, ao alcance e á complexidade das súas actividades, cumprirán os seguintes requisitos:

a) as entidades de crédito presentarán ao Banco de España unha lista indicando as categorías de empregados cuxas actividades profesionais inciden de maneira significativa no seu perfil de risco;

b) a política de remuneración será compatible cunha xestión adecuada e eficaz do risco, promoverá este tipo de xestión e non ofrecerá incentivos para asumir riscos que superen o nivel de risco tolerado pola entidade de crédito;

c) a política de remuneración será compatible coa estratexia empresarial, os obxectivos, os valores e os intereses a longo prazo da entidade de crédito e incluírá medidas para evitar os conflitos de intereses;

d) o órgano de dirección da entidade de crédito establecerá e garantirá a aplicación dos principios xerais da política de remuneración, revisándoos periodicamente;

e) ao menos unha vez ao ano farase unha avaliación interna central e independente da aplicación da política de remuneración, co obxecto de verificar se se cumpren as pautas e os procedementos de remuneración adoptados polo órgano de dirección na súa función supervisora;

f) o persoal que exerza funcións de control dentro da entidade de crédito será independente das unidades de negocio que supervise, contará coa autoridade necesaria e será remunerado en función da consecución dos obxectivos relacionados coas súas funcións, con independencia dos resultados das áreas de negocio que controle;

g) a remuneración dos altos directivos encargados da xestión de riscos e con funcións de cumprimento será supervisada directamente polo comité de remuneración a que se refire o número 2 deste artigo ou, de non se ter creado ese comité, polo órgano de dirección na súa función supervisora;

h) exixiráselle ao persoal que se comprometa a non utilizar estratexias persoais de cobertura ou seguros relacionados coa remuneración e a responsabilidade, que menoscaben os efectos da aliñación co risco incluídos nos seus sistemas de remuneración.

1.º Os pagamentos por rescisión anticipada dun contrato basearanse nos resultados obtidos no transcurso do tempo e estableceranse de forma que non recompensen os malos resultados;

2.º A política de pensións será compatible coa estratexia empresarial, os obxectivos, os valores e os intereses a longo prazo da entidade de crédito e se o empregado abandona a entidade de crédito antes da súa xubilación, a entidade de crédito terá no seu poder os beneficios discrecionais de pensión por un período de cinco anos en forma de instrumentos como os mencionados na letra g) do segundo parágrafo do artigo 76 sexies. Se un empregado alcanza a idade de xubilación, aboaráselle os beneficios discrecionais de pensión en forma de instrumentos como os mencionados na letra g) do segundo parágrafo do artigo 76 sexies, suxeitos a un período de retención de cinco anos;

Para os efectos deste artigo, débense entender por beneficios discrecionais de pensión os pagamentos discrecionais concedidos por unha entidade de crédito a un empregado en base individual, efectuados con referencia á xubilación e que se poidan asimilar á remuneración variable. En ningún caso incluírá beneficios concedidos a un empregado de conformidade co sistema de pensións da entidade.

2. O Banco de España determinará, en razón ao seu tamaño, á súa organización interna, á natureza, ao alcance ou á complexidade das súas actividades, as entidades de crédito que deberán establecer un comité de remuneracións. O comité de remuneracións terá unha composición que lle permita exercer un control efectivo e independente das políticas e prácticas de remuneración e dos incentivos creados para xestionar o risco, o capital e a liquidez.

O comité de remuneracións encargarse da preparación das decisións relativas ás remuneracións, incluídas as que teñan repercusións para o risco e a xestión de riscos da entidade de crédito de que se trate e que deberá adoptar o órgano de dirección na súa función supervisora. O presidente e os membros do comité de remuneracións serán membros do órgano de dirección que non desempeñen funcións executivas na entidade de crédito de que se trate. Ao preparar as decisións, o comité de remuneracións terá en conta os intereses a longo prazo dos accionistas, dos investidores e doutras partes interesadas na entidade de crédito.

No caso das caixas de aforro, establecerase unha comisión de retribucións e nomeamentos conforme o establecido na Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos reitores das caixas de aforro, que terá as competencias e funcións do comité de remuneracións a que se fai referencia neste punto.

Artigo 76 sexies. *Deseño dos esquemas de remuneración.*

1. O deseño dos esquemas de remuneración por parte das entidades de crédito debe presentar unha relación equilibrada e eficiente entre os compoñentes fixos e os compoñentes variables tal que o compoñente fixo constitúa unha parte suficientemente elevada da remuneración total. Os compoñentes variables da remuneración deben ter a flexibilidade suficiente para permitir a súa modulación ata o punto de que sexa posible suprimir totalmente a remuneración variable.

As entidades de crédito establecerán a relación apropiada entre os compoñentes fixos e os variables da remuneración total. Para estes efectos, o Banco de España poderá establecer criterios específicos para a determinación desa relación.

2. Os compoñentes variables da remuneración deben crear incentivos que se axusten aos intereses a longo prazo da entidade e atender aos seguintes requisitos:

a) Cando a remuneración estea vinculada aos resultados, o seu importe total basearase nunha avaliación en que se combinen os resultados do emprego, valorados conforme criterios tanto financeiros como non financeiros, da unidade de negocio afectada e dos resultados globais da entidade de crédito.

b) A avaliación dos resultados inscribírase nun marco plurianual para garantir que o proceso de avaliación se basea nos resultados a longo prazo e que ten en conta o ciclo económico subxacente da entidade de crédito e os seus riscos empresariais.

c) O total da remuneración variable non limitará a capacidade da entidade de crédito para reforzar a solidez da súa base de capital.

d) A remuneración variable garantida terá carácter excepcional e só se poderá aplicar ao primeiro ano de emprego do persoal novo.

e) Ao avaliar os resultados co obxecto de calcular os compoñentes variables da remuneración ou os fondos para pagar estes compoñentes, efectuarase un axuste por todos os tipos de riscos actuais e futuros, e terase en conta o custo do capital e a liquidez necesaria.

f) A asignación dos compoñentes variables de remuneración na entidade de crédito terá igualmente en conta todos os tipos de riscos actuais e futuros.

g) Unha parte substancial e, en todo caso, polo menos o 50% de calquera elemento de remuneración variable, xa sexa diferido de acordo coa letra h) deste artigo ou non diferido, fixarase alcanzando un adecuado equilibrio entre:

1.º accións ou intereses de propiedade equivalentes, en función da estrutura xurídica da entidade de que se trate, ou instrumentos vinculados coas accións ou outros instrumentos non pecuniarios equivalentes, no caso dunha entidade de crédito que non cotice nun mercado organizado oficial; e

2.º cando proceda, outros instrumentos, que poida determinar o Banco de España, que reflectan de maneira adecuada a cualificación crediticia da entidade de crédito en situación normal.

Os instrumentos mencionados neste punto estarán sometidos a unha política de retención adecuada concibida para que os incentivos estean en consonancia cos intereses a longo prazo da entidade de crédito. O Banco de España poderá impor restricións ao deseño ou aos tipos destes instrumentos e incluso prohibir algúns deles.

h) Unha parte substancial, e en todo caso polo menos o 40% do elemento de remuneración variable, diferirase durante un período que se determinará tendo en conta o ciclo económico, a natureza do negocio, os seus riscos e as actividades do empregado de que se trate e que en ningún caso será inferior a tres anos.

En caso de que a contía da remuneración variable supere de forma especialmente significativa o importe medio da remuneración variable no sector, diferirase como mínimo o 60 % do seu pagamento.

Os pagamentos da remuneración diferida non se poderán producir máis rapidamente que se se distribuiren de forma proporcional no período diferido.

i) a remuneración variable, incluída a parte diferida, pagarase unicamente se resulta sustentable de acordo coa situación da entidade de crédito no seu conxunto, e se se xustifica en función dos resultados desa entidade, da unidade de negocio e do empregado de que se trate.

j) a remuneración variable non se aboará mediante instrumentos ou métodos que permitan evadir os requisitos que establece este real decreto. Para estes efectos, o Banco de España poderá:

1.º impor restricións ás entidades de crédito para o uso dos instrumentos sinalados neste artigo;

2.º fixar os criterios necesarios para permitir que a remuneración variable se contraia en función dos resultados financeiros negativos das entidades de crédito;

3.º exixir ás entidades de crédito e aos seus grupos que limiten a remuneración variable en forma de porcentaxe dos ingresos netos totais cando isto non sexa compatible co mantemento dunha base de capital sólida.

Artigo 76 septies. *Entidades de crédito que reciban apoio financeiro.*

1. Os esquemas de remuneración das entidades de crédito que reciban apoio financeiro público para a súa reestruturación ou saneamento deberán cumprir, ademais do establecido neste capítulo, os seguintes requisitos:

a) Cando a remuneración variable sexa incompatible co mantemento dunha base sólida de capital e cunha renuncia oportuna ao apoio público, limitarase estritamente a unha porcentaxe dos ingresos netos.

b) Os administradores e directivos que efectivamente dirixan a actividade da entidade non percibirán remuneración variable salvo que se xustifique adecuadamente, a xuízo do Banco de España. Así mesmo, o Banco de España poderá establecer, se procede, límites á súa remuneración total.»

Vinte e dous. Modifícase o número 1 do artigo 88, que queda redactado como segue:

«1. Os recursos propios computables das empresas de servizos de investimento estarán formados polos seguintes elementos:

a) O capital social, excluída a parte deste recollida na letra e) seguinte, máis a correspondente conta de primas de emisión, na medida que sirva plenamente para absorber perdas en situacións normais e, en caso de concurso, teñan menor prelación que todos os demais créditos.

b) As reservas efectivas e expresas.

Durante o exercicio e, no momento do seu peche, ata que teña lugar a aplicación de resultados, as empresas de servizos de investimento poderán incorporar a este elemento a parte dos resultados que se prevexa aplicar a reservas, sempre que:

1.º Exista un compromiso formal de aplicación de resultados por parte do órgano de administración da entidade.

2.º As contas en que se reflectan tales resultados fosen verificadas con informe favorable polos auditores externos da entidade.

3.º Se acredite, a satisfacción da Comisión Nacional do Mercado de Valores, que a parte que se pretende incorporar está libre de toda carga previsible, en especial por gravames impositivos e por dividendos.

c) As reservas de regularización, actualización ou revalorización de activos, logo de verificación da Comisión Nacional do Mercado de Valores da corrección do seu cálculo e do seu sometemento ás normas contables.

As reservas desta natureza asociadas a procesos de fusión non se contabilizarán como recursos propios antes da inscrición da fusión no Rexistro Mercantil, restándose entre tanto dos activos revalorizados para os efectos do cálculo dos requirimentos de recursos propios.

d) Os fondos afectos ao conxunto de riscos da entidade, cuxa dotación se realizase separadamente dentro da conta de resultados ou con cargo a beneficios, e sempre que o seu importe figure separadamente no balance público da entidade.

e) A parte do capital social correspondente ás accións sen voto reguladas na sección segunda do capítulo II do título IV do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital.

e bis) As participacións preferentes emitidas que cumpran os requisitos estipulados na disposición adicional segunda da Lei 13/1985, do 25 de maio, e no artigo 14 deste real decreto, números 2, 6 e 7.

Para os efectos desta letra, as mencións realizadas nestas disposicións ao Banco de España e ás entidades de crédito entenderanse, respectivamente, realizadas á Comisión Nacional do Mercado de Valores e ás empresas de servizos de investimento.

f) Os financiamentos subordinados recibidos pola empresa de servizos de investimento que cumpran os requisitos establecidos no artigo 90.2.

g) Os financiamentos de duración indeterminada que, ademais das condicións exixidas aos financiamentos subordinados, establezan que a débeda e os xuros pendentes de pagamento se poderán aplicar para absorber as perdas da entidade sen necesidade de proceder á súa disolución.

Para a súa inclusión entre os recursos propios, os elementos recollidos nas letras a), e), e bis), f) e g) computaranse na parte que se ache efectivamente desembolsada.»

Vinte e tres. O segundo parágrafo do número 1 do artigo 91 queda redactado como segue:

«Os recursos propios básicos dunha empresa de servizos de investimento, estarán constituídos pola suma dos elementos recollidos no artigo 88.1.a), b), d) e e bis), menos o importe do concepto do artigo 89.1.a) e as partidas incluídas nos conceptos b), c) e d) deste último punto relativas a aqueles elementos.»

Vinte e catro. O número 5 do artigo 94 queda redactado do seguinte modo:

«5. Non obstante o disposto no número 1 anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de solicitude, poderá autorizar as axencias de valores e sociedades xestoras de carteira a manteren uns recursos propios iguais ou superiores ao maior dos seguintes importes:

a) A suma de exixencias recollidas nos ordinais 1.º, 2.º e 3.º do número 1.a) deste artigo.

b) A cuarta parte dos gastos de estrutura do exercicio precedente.

c) O 5 por mil do volume das carteiras xestionadas.

d) As dúas terceiras partes do capital mínimo requirido para a constitución do tipo de empresa de servizos de investimento de que se trate.»

Vinte e cinco. Introdúcese un novo número 1 bis no artigo 95, coa seguinte redacción:

«1 bis. Non obstante o anterior, quedan eximidas do cumprimento das obrigacións recollidas no artigo 56 as entidades que cumpran cos criterios establecidos no artigo 94.4, letras a) e b) ou ben cos dispostos no artigo 94.5, letras a), b) e c).»

Vinte e seis. Insírese o artigo 107 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 107 bis. *Procedemento de declaración de sucursais como significativas e obrigacións de información da Comisión Nacional do Mercado de Valores ao respecto.*

1. Respecto ás sucursais de empresas de servizos de investimento españolas establecidas noutro Estado membro, a Comisión Nacional do Mercado de Valores:

a) Promoverá o proceso de adopción dunha decisión conxunta sobre a súa designación como significativas no prazo máximo de dous meses desde a recepción da solicitude a que alude o artigo 91 quinquies da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores. En caso de non chegar a adoptarse ningunha decisión conxunta, a Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá recoñecer e aplicar a decisión adoptada ao respecto pola autoridade competente do Estado membro de acollida.

b) Comunicará ás autoridades competentes do Estado membro en que unha sucursal significativa dunha empresa de servizos de investimento española estea establecida a información a que se refire o artigo 91 bis número 8, letras c) e d) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e levará a cabo as tarefas a que se refire a letra c) do artigo 108.1 deste real decreto en colaboración coas autoridades competentes do estado membro en que a sucursal opere.

Así mesmo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicará á empresa de servizos de investimento española a decisión adoptada ao respecto pola autoridade competente do Estado membro de acollida.

2. Respecto ás sucursais en España dunha empresa de servizos de investimento estranxeira domiciliada na Unión Europea, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá solicitar ás autoridades supervisoras competentes que inicien as actuacións apropiadas para recoñecer o carácter significativo de tal sucursal e, de ser o caso, resolver sobre tal aspecto. Para tal efecto, se nos dous meses seguintes á recepción da solicitude formulada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores non se alcanzar unha decisión conxunta co supervisor do Estado membro de orixe, a Comisión Nacional do Mercado de Valores disporá dun período adicional de dous meses para tomar a súa propia decisión.

3. Nas actuacións a que se refiren o número anterior e a letra a) do número 1 anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores:

a) deberá ter en conta as opinións e reservas que, de ser o caso, expresase a autoridade competente dos Estados membros interesados;

b) deberá considerar elementos como a cota de mercado da sucursal en termos de instrumentos financeiros xestionados; a incidencia probable da suspensión ou o cesamento das operacións da empresa de servizos de investimento na liquidez do mercado e nos sistemas de liquidez e de pagamento, e de compensación e liquidación; e as dimensións e a importancia da sucursal por número de clientes.

Estas decisións plasmaranse nun documento que conterá a decisión e a súa motivación e notificaránselles ás demais autoridades competentes e á propia entidade interesada.»

Vinte e sete. Engádesse o artigo 107 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 107 ter. *Normas de funcionamento dos colexios de supervisores de empresas de servizos de investimento.*

1. Nos colexios de supervisores a que se refire o artigo 91 septies da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, poderán participar as autoridades competentes responsables da supervisión das filiais dunha empresa de servizos de investimento matriz da Unión Europea ou dunha sociedade financeira de carteira matriz da Unión Europea, e as autoridades competentes do Estado membro en que estean establecidas sucursais significativas, bancos centrais de ser o caso, así como, se procede, autoridades competentes de países terceiros, con suxeición a requisitos de confidencialidade que sexan equivalentes, a xuízo de todas as autoridades competentes, aos requisitos estipulados no artigo 90 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, cando lle corresponda establecer un colexio de supervisores conforme o disposto no artigo 91 septies da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores:

a) Decidirá as autoridades competentes que participan nunha reunión ou nunha actividade do colexio de supervisores. A este respecto, a decisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores terá en conta a relevancia da actividade de supervisión que se debe planificar ou coordinar, valorando en especial a súa incidencia potencial na estabilidade do sistema financeiro dos Estados membros afectados, en particular en situacións de urxencia. Adicionalmente, tamén valorará as obrigacións de intercambio de información relativas ás sucursais consideradas como significativas.

b) Manterá todos os membros do colexio plenamente informados, no momento oportuno, das medidas tomadas nas reunións do colexio de supervisores ou das medidas levadas a cabo.

c) Informará a Autoridade Europea de Valores e Mercados, con suxeición ás exixencias en materia de confidencialidade previstas no artigo 90 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, das actividades do colexio de supervisores, especialmente as desenvolvidas en situacións de urxencia, e comunicará á dita autoridade toda información que resulte de particular interese para os efectos da converxencia da actividade supervisora.»

Vinte e oito. O número 1 do artigo 108 queda redactado como segue:

«1. Corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores, na súa condición de autoridade responsable do exercicio da supervisión consolidada das empresas de servizos de investimento matrices da Unión Europea e das empresas de servizos de investimento controladas polas sociedades financeiras de carteira matrices da Unión Europea, e en relación coas autoridades supervisoras da Unión Europea:

a) Coordinar a recollida de información e difundir entre as restantes autoridades responsables da supervisión de entidades do grupo a información que considere importante en situacións tanto normais coma urxentes.

b) Planificar e coordinar as actividades de supervisión en situacións normais, en relación coas actividades recollidas nos números 1 e 2 do artigo 103 deste real decreto e o capítulo VI deste título, nos números 1 e 3 do artigo 87 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e nas disposicións relativas a criterios técnicos concernentes á organización e ao tratamento dos riscos, en colaboración coas autoridades competentes implicadas.

c) Planificar e coordinar as actividades de supervisión, en colaboración coas autoridades competentes implicadas e, de ser o caso, cos bancos centrais, en

situacións de urxencia ou en previsión de tales situacións, en particular, unha evolución adversa das entidades de crédito ou dos mercados financeiros valéndose, sempre que sexa posible, das canles de comunicación específicas existentes para facilitar a xestión de crises.

A planificación e coordinación das actividades de supervisión a que se refire a letra c) incluírá as medidas excepcionais recollidas no artigo 91 bis.8.d) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, a elaboración de avaliacións conxuntas, a instrumentación de plans de emerxencia e a comunicación ao público.

d) De acordo co disposto no artigo 91 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, subscribir acordos de coordinación e cooperación con outras autoridades competentes que teñan por obxecto facilitar e establecer unha supervisión eficaz dos grupos encomendados á súa supervisión e asumir as tarefas adicionais que resulten de tales acordos.

En concreto, e tal e como prevé o artigo 85.1 b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, cando sexa responsable da autorización da filial dunha empresa de servizos de investimento, poderá delegar a súa responsabilidade de supervisión nas autoridades competentes que autorizen e supervisen a empresa matriz, para que se ocupen da vixilancia da filial conforme as disposicións deste real decreto. Deberase manter informada a Comisión Europea da existencia e do contido de tales acordos.

e) Advertir, tan pronto como sexa posible, o ministro de Economía e Facenda e as restantes autoridades supervisoras nacionais ou estranxeiras afectadas, do xurdimento dunha situación de urxencia, en particular, dunha evolución adversa dos mercados financeiros, que poida comprometer a liquidez no mercado e a estabilidade do sistema financeiro de calquera Estado membro da Unión Europea en que fosen autorizadas entidades dun grupo ou en que estean establecidas sucursais significativas, segundo se recolle no artigo 91 quinquies da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Nestes supostos, cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores necesite información que xa lle fose facilitada a outra autoridade competente, porase en contacto con esta sempre que sexa posible, para evitar que se dupliquen os informes das distintas autoridades que interveñen na supervisión.»

Vinte e nove. Engádese un novo capítulo VIII ao título II:

«CAPÍTULO VIII

Política de remuneración das empresas de servizos de investimento

Artigo 115. *Ámbito de aplicación.*

As empresas de servizos de investimento deberán aplicar os requisitos recollidos neste capítulo ás categorías de empregados cuxas actividades profesionais inciden de maneira significativa no seu perfil de risco, a nivel de grupo, sociedade matriz e filial.

Artigo 116. *Requisitos da política de remuneracións.*

1. Conforme o disposto no artigo 70 bis.1 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, ao fixar e aplicar a política de remuneración global, incluídos os salarios e os beneficios discrecionales de pensións, das categorías de empregados cuxas actividades profesionais inciden de maneira significativa no seu perfil de risco, as empresas de servizos de investimento, conforme a súa organización interna e de forma proporcional ao seu tamaño, a natureza, o alcance e a complexidade das súas actividades, cumpriran os seguintes requisitos:

- a) as empresas de servizos de investimento presentarán á Comisión Nacional do Mercado de Valores unha lista indicando as categorías de empregados cuxas actividades profesionais inciden de maneira significativa no seu perfil de risco;
- b) a política de remuneración será compatible cunha xestión adecuada e eficaz do risco, promoverá este tipo de xestión e non ofrecerá incentivos para asumir riscos que superen o nivel de risco tolerado pola empresa de servizos de investimento;
- c) a política de remuneración será compatible coa estratexia empresarial, os obxectivos, os valores e os intereses a longo prazo da empresa de servizos de investimento e incluírá medidas para evitar os conflitos de intereses;
- d) o órgano de dirección da empresa de servizos de investimento establecerá e garantirá a aplicación dos principios xerais da política de remuneración, e revisaraos periodicamente;
- e) polo menos unha vez ao ano farase unha avaliación interna central e independente da aplicación da política de remuneración, co obxecto de verificar se se cumpren as pautas e os procedementos de remuneración adoptados polo órgano de dirección na súa función supervisora;
- f) o persoal que exerza funcións de control dentro da empresa de servizos de investimento será independente das unidades de negocio que supervise, contará coa autoridade necesaria e será remunerado en función da consecución dos obxectivos relacionados coas súas funcións, con independencia dos resultados das áreas de negocio que controle;
- g) a remuneración dos altos directivos encargados da xestión de riscos e con funcións de cumprimento será supervisada directamente polo comité de remuneración a que se refire o número 2 deste artigo ou, de non se ter creado ese comité, polo órgano de dirección na súa función supervisora;
- h) exixiráselle ao persoal que se comprometa a non utilizar estratexias persoais de cobertura ou seguros relacionados coa remuneración e a responsabilidade, que menoscaben os efectos da alifación co risco incluídos nos seus sistemas de remuneración;
- i) os pagamentos por rescisión anticipada dun contrato basearanse nos resultados obtidos no transcurso do tempo e estableceranse de forma que non recompensen os malos resultados;
- j) a política de pensións será compatible coa estratexia empresarial, os obxectivos, os valores e os intereses a longo prazo da empresa de servizos de investimento e, se o empregado abandona a empresa de servizos de investimento antes da súa xubilación, a empresa de servizos de investimento terá no seu poder os beneficios discrecionais de pensión por un período de cinco anos en forma de instrumentos como os mencionados no artigo 117.2.g). Se un empregado alcanza a idade de xubilación, aboaráselle os beneficios discrecionais de pensión en forma de instrumentos como os mencionados no artigo 117.2.g), suxeitos a un período de retención de cinco anos.

Para os efectos deste artigo, deben entenderse por beneficios discrecionais de pensión os pagamentos discrecionais concedidos por unha empresa de servizos de investimento a un empregado en base individual, efectuados con referencia á xubilación e que se poidan asimilar á remuneración variable. En ningún caso incluírá beneficios concedidos a un empregado de conformidade co sistema de pensións da entidade.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores determinará, en razón ao seu tamaño, á súa organización interna, á natureza, ao alcance ou á complexidade das súas actividades, as empresas de servizos de investimento que deberán establecer un comité de remuneracións. O comité de remuneracións terá unha composición que lle permita exercer un control efectivo e independente das políticas e prácticas de remuneración e dos incentivos creados para xestionar o risco, o capital e a liquidez.

O comité de remuneracións encargarase da preparación das decisións relativas ás remuneracións, incluídas as que teñan repercusións para o risco e a xestión de riscos da empresa de servizos de investimento de que se trate e que deberá adoptar o órgano de dirección na súa función supervisora. O presidente e os membros do comité de remuneracións serán membros do órgano de dirección que non desempeñen funcións executivas na empresa de servizos de investimento de que se trate. Ao preparar as decisións, o comité de remuneracións terá en conta os intereses a longo prazo dos accionistas, os investidores e outras partes interesadas na empresa de servizos de investimento.

Artigo 117. *Deseño dos esquemas de remuneración.*

1. O deseño dos esquemas de remuneración debe presentar unha relación equilibrada e eficiente entre os compoñentes fixos e os compoñentes variables tal que o compoñente fixo constitúa unha parte suficientemente elevada da remuneración total. Os compoñentes variables da remuneración deben ter a flexibilidade suficiente para permitir a súa modulación ata o punto de que sexa posible suprimir totalmente a remuneración variable.

As empresas de servizos de investimento establecerán a relación apropiada entre os compoñentes fixos e os variables da remuneración total. Para estes efectos, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá establecer criterios específicos para a determinación desta relación.

2. Os compoñentes variables da remuneración deben crear incentivos que se axusten aos intereses a longo prazo da entidade e atender aos seguintes requisitos:

a) Cando a remuneración estea vinculada aos resultados, o seu importe total basearase nunha avaliación en que se combinen os resultados do empregado, valorados conforme criterios tanto financeiros coma non financeiros, da unidade de negocio afectada e os resultados globais da empresa de servizos de investimento.

b) A avaliación dos resultados inscribírase nun marco plurianual para garantir que o proceso de avaliación se basea nos resultados a longo prazo e que ten en conta o ciclo económico subxacente da empresa de servizos de investimento e os seus riscos empresariais.

c) O total da remuneración variable non limitará a capacidade da empresa de servizos de investimento para reforzar a solidez da súa base de capital.

d) A remuneración variable garantida terá carácter excepcional e só se poderá aplicar ao primeiro ano de emprego do persoal novo.

e) Ao avaliar os resultados co obxecto de calcular os compoñentes variables da remuneración ou os fondos para pagar estes compoñentes, efectuarase un axuste por todos os tipos de riscos actuais e futuros, e terase en conta o custo do capital e a liquidez necesaria.

f) A asignación dos compoñentes variables de remuneración na empresa de servizos de investimento terá igualmente en conta todos os tipos de riscos actuais e futuros.

g) Unha parte substancial e, en todo caso, polo menos o 50% de calquera elemento de remuneración variable, xa sexa diferido de acordo coa letra h) deste artigo ou non diferido, fixarase alcanzando un adecuado equilibrio entre:

1.º) accións ou intereses de propiedade equivalentes, en función da estrutura xurídica da entidade de que se trate, ou instrumentos vinculados coas accións ou outros instrumentos non pecuniarios equivalentes, no caso dunha empresa de servizos de investimento que non cotice nun mercado organizado oficial; e,

2.º) cando proceda, outros instrumentos, que poida determinar a Comisión Nacional do Mercado de Valores, que reflectan de maneira adecuada a cualificación crediticia da empresa de servizos de investimento en situación normal.

Os instrumentos mencionados neste punto estarán sometidos a unha política de retención adecuada concibida para que os incentivos estean en consonancia cos intereses a longo prazo da empresa de servizos de investimento. A Comisión Nacional de Valores poderá impor restricións ao deseño ou aos tipos destes instrumentos e incluso prohibir algúns deles.

h) Unha parte substancial e, en todo caso, polo menos o 40 % do elemento de remuneración variable, diferirase durante un período que se determinará tendo en conta o ciclo económico, a natureza do negocio, os seus riscos e as actividades do empregado de que se trate e que en ningún caso será inferior a tres anos.

En caso de que a contía da remuneración variable supere de forma especialmente significativa o importe medio da remuneración variable no sector, diferirase como mínimo o 60 % do seu pagamento.

Os pagamentos da remuneración diferida non se poderán producir máis rapidamente que se se distribuiren de forma proporcional no período diferido.

i) A remuneración variable, incluída a parte diferida, pagarase unicamente se resulta sustentable de acordo coa situación da empresa de servizos de investimento no seu conxunto, e se se xustifica en función dos resultados desa entidade, da unidade de negocio e do empregado de que se trate.

j) A remuneración variable non se aboará mediante instrumentos ou métodos que permitan evadir os requisitos que establece este real decreto. Para estes efectos, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá:

1.º impor restricións ás empresas de servizos de investimento para o uso dos instrumentos sinalados neste artigo;

2.º fixar os criterios necesarios para permitir que a remuneración variable se contraia en función dos resultados financeiros negativos das empresas de servizos de investimento;

3.º exixir ás empresas de servizos de investimento que limiten a remuneración variable en forma de porcentaxe dos ingresos netos totais cando isto non sexa compatible co mantemento dunha base de capital sólida.»

Trinta. Engádesse unha nova disposición adicional única:

«Disposición adicional única. *Obrigacións de divulgación do Banco de España en relación coas exposicións por titulación das entidades.*

O Banco de España divulgará a información seguinte:

a) os criterios xerais e os métodos adoptados para comprobar o cumprimento do disposto no artigo 40 bis;

b) anualmente, unha sucinta descrición do resultado do exame de supervisión e a descrición das medidas impostas de acordo co previsto no número 5 do artigo 40 bis.»

Trinta e un. A disposición transitoria segunda queda redactada como segue:

«Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio para a ponderación das exposicións que estean denominadas e financiadas na divisa de calquera dos Estados membros do Espazo Económico Europeo.*

Ata o 31 de decembro de 2015 a ponderación establecida no artigo 22.1 aplicarase tamén ás exposicións sobre as contrapartes alí indicadas que estean denominadas e financiadas na divisa de calquera dos Estados membros do Espazo Económico Europeo.»

Trinta e dous. Engádesse unha nova disposición transitoria terceira:

«Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio para a aplicación dos requisitos de retención de interese económico e dilixencia debida para as posicións de titulización.*

O previsto no artigo 40 bis aplicarase ás novas titulizacións realizadas o 1 de xaneiro de 2011 ou a partir desta mesma data. A partir do 31 de decembro de 2014, este réxime aplicarase ás titulizacións xa existentes en caso de que se engadan novas exposicións subxacentes ou se substitúan as existentes despois de tal data.»

Trinta e tres. Engádesse unha nova disposición transitoria cuarta:

«Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio para os límites ao cómputo de recursos propios.*

1. As participacións preferentes emitidas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 6/2011, do 11 de abril, pola que se modifican a Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigacións de información dos intermediarios financeiros, a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e o Real decreto lexislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das Comunidades Europeas, e que non cumpran cos requisitos establecidos para este tipo de instrumentos nesa norma, poderán continuar computándose como recursos propios das entidades de crédito e dos seus grupos e os instrumentos que, en 31 de decembro de 2010, se considerasen equivalentes, conforme a normativa española, aos elementos a que se refire o artigo 12.1, letras a), b) e d), pero que non estean comprendidos no artigo 12.1.a), ou que non cumpran os requisitos establecidos no artigo 14, consideraranse cubertos polo artigo 12.1.g), ata o 31 de decembro de 2040, con suxeición aos seguintes límites:

a) ata o 20% da suma das letras a), b), d) e g) do artigo 12.1, menos a suma das letras a) e b) do artigo 13.1, entre 10 e 20 anos despois do 31 de decembro de 2010;

b) ata o 10% da suma das letras a), b), d) e g) do artigo 12.1, menos a suma das letras a) e b) do artigo 13.1, entre 20 e 30 anos despois do 31 de decembro de 2010.

2. Para os efectos do capítulo VIII, os activos que constituían créditos e outras exposicións fronte a entidades de crédito, asumidos antes do 31 de decembro de 2009, seguiranse considerando suxeitos ao mesmo trato aplicado de conformidade co artigo 64.1, ao igual que o estiveron antes do 7 de decembro de 2009, pero non máis alá do 31 de decembro de 2012.»

Trinta e catro. Engádesse unha nova disposición transitoria quinta:

«Disposición transitoria quinta. *Réxime transitorio das decisións conxuntas entre supervisores da Unión Europea.*

En aplicación do dereito da Unión Europea, ata o 31 de decembro de 2012, o prazo a que fai referencia o número 2 bis do artigo décimo bis, da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigacións de información dos intermediarios financeiros, será de seis meses.»

Trinta e cinco. Engádesse unha nova disposición transitoria sexta:

«Disposición transitoria sexta. *Réxime transitorio das disposicións sobre políticas de remuneración.*

As entidades adaptarán as súas políticas de remuneración aos requisitos previstos nos capítulos XIII do título I e VIII do título II. En todo caso, tales requisitos aplicaranse ás remuneracións concedidas e aínda non aboadas antes da entrada en vigor deste real decreto, referidas a servizos prestados desde 2010 e ata esa mesma data.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto quedan derogadas cantas disposicións de igual ou menor rango se opoñan ao establecido nel.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos de entidades de crédito.*

O Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos de entidades de crédito, queda modificado como segue:

Un. Engádesse dous novos números, 2 bis e 2 ter, ao artigo 3, coa seguinte redacción:

«2 bis. Os depósitos garantidos cuxa remuneración exceda algún dos límites que se indican a continuación recibirán, para os efectos do cálculo das achegas das entidades adheridas, o tratamento que se indica no número 2 ter:

a) En caso de depósitos a prazo e instrumentos de natureza similar ou que cumpran idéntica función económica nos termos que determine o Banco de España mediante circular, que a remuneración pactada exceda en máis de 150 puntos básicos o euríbor medio a tres meses de xuro anual, se se concertan por prazo igual ou inferior a tres meses, en máis de 150 puntos básicos o euríbor medio a seis meses se o son por prazo superior a tres meses e inferior a un ano, ou en máis de 100 puntos básicos o euríbor medio a doce meses se o son por prazo igual ou superior a un ano.

b) En caso de depósitos dispoñibles en contas á vista, que a remuneración pagada na liquidación periódica da conta exceda en máis de 100 puntos básicos o euríbor medio a un mes de xuro anual.

O Banco de España publicará trimestralmente, antes do día 5 do mes seguinte ao fin de cada trimestre, no «Boletín Oficial del Estado» e na súa páxina web, os tipos de xuro mencionados nos parágrafos anteriores calculados sobre o trimestre completo.

2 ter. Os importes dos depósitos cuxa remuneración pactada exceda os límites do punto anterior ponderaranse nun 500 % para os efectos do cálculo das achegas das entidades adheridas aos correspondentes Fondos de Garantía de Depósitos.

O exceso que supoña esa achega sobre a que sería aplicable de non concorreren as circunstancias do punto anterior, ingresaranse trimestralmente na conta do correspondente fondo. Tamén trimestralmente, as entidades comunicarán ao seu respectivo fondo o importe total dos seus depósitos a prazo cuxa remuneración exceda os límites citados e os saldos de contas á vista liquidados cunha remuneración superior ao límite aplicable.

Para estes efectos, entenderase que o exceso dos depósitos a prazo se mantén durante a totalidade do prazo pactado.»

Dous. Modifícase a disposición derradeira primeira, que queda redactada como segue:

«Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Economía para ditar as normas que sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto e, en particular, para actualizar, logo de informe do Banco de España, as contías de indemnización previstas, de conformidade coa normativa vixente da Unión Europea. Así mesmo, facúltase para, tendo en consideración a evolución do prezo do diñeiro e do custo medio do pasivo das entidades adheridas aos fondos, modificar os límites establecidos no número 2 bis do artigo 3, e reducir ou elevar a ponderación prevista no número 2 ter do mesmo artigo.

Autorízase o Banco de España para desenvolver o procedemento de elección dos seus representantes nas comisións xestoras dos fondos, así como as cuestións técnico-contables dos conceptos depósitos e valores garantidos, de patrimonio neto non comprometido, e do valor de mercado dos valores garantidos. Así mesmo, facúltase para ditar as normas necesarias para a aplicación do previsto nos números 2 bis e 2 ter do artigo 3.»

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpóranse parcialmente ao dereito español a Directiva 2009/111/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, pola que se modifican as directivas 2006/48/CE, 2006/49/CE e 2007/64/CE no que respecta aos bancos afiliados a un organismo central, a determinados elementos dos fondos propios, aos grandes riscos, ao réxime de supervisión e á xestión de crises e a Directiva 2010/76/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, pola que se modifican as directivas 2006/48/CE e 2006/49/CE no que respecta aos requisitos de capital para a carteira de negociación e as retitulizacións e á supervisión das políticas de remuneración.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Salvo o previsto na disposición derradeira primeira, este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

A disposición derradeira primeira entrará en vigor ao mes da publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de xuño de 2011.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno
e ministra de Economía e Facenda,
ELENA SALGADO MÉNDEZ